



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 25 de xuño de 2018, á vista das avaliacións achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

CEFTAZIDIMA-AVIBACTAM

nas seguintes indicacións:

- Tratamento de infeccións por Enterobacterias productoras de carbapenemasas, especialmente cando a CMI a carbapenémicos é superior a 8 mg/L
- Tratamento de infeccións por *Pseudomonas aeruginosa* resistente ao resto de betalactámicos.

É recomendable que a valoración do inicio destes antimicrobianos e o manexo dos pacientes que os reciben estea supervisado por equipos multidisciplinares hospitalarios de expertos en enfermidades infecciosas, microbioloxía clínica e terapéutica antimicrobiana (PROA).

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica


Jorge Aboal Viñas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde